CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

# ACTA Nº 2024/2
# SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
# - SALÓN DE PLENOS, luns 22 de xaneiro de 2024 -

No día da data, ás 10:35 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

**ASISTEN:**

PSdeG-PSOE
RAMÓN ABUÍN GOMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
M. SOLEDAD BOGA GRELA
ANGEL JAMARDO REY

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
SERGIO JOSE BOGA GOMEZ

**AUSENCIAS:**

Xente de Dodro
VALENTÍN ALFONSÍN SOMOZA
LUCIA YESIKA VECINO RODRIGUEZ

**SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL** (Resolución da DXAL do 07/06/2021 e Resolución da Alcaldía núm. 14/2024 de data 12/01/2024):

MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ EXPÓSITO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os

CVD: UsTDiH5rES7KWr0AmxL/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA:**

**1. SORTEO PARA DESIGNACIÓN DE MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA PARA O DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2024.**

O artigo 26 da LO 5/1985, do Réxime Electoral Xeral sinala que entre o 25º e 29º día posterior á convocatoria das eleccións correspondentes, os Concellos efectuarán os sorteos para a designacións dos membros das Mesas Electorais.

A Junta Electoral Central (JEC) ten interpretado este precepto sinalando que a designación dos membros das Mesas Electorais corresponde ao Concello en Pleno (acordos de 29.06.1999, de 31.01.2000 e de 22.03.2001, entre outros), coa salvedade indicada no acordo da Junta Electoral Central de data 06.02.2014 trala Sentencia do Tribunal Constitucional 161/2013 de 26 de setembro.

En aplicación do anterior, de acordo co disposto no artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, procédese á designación mediante sorteo público dos Presidentes e Vocais, tanto titulares como suplentes, que conformarán as cinco Mesas Electorais que deberán constituírse o vindeiro día 18 de febreiro de 2024, con ocasión da celebración de eleccións ao Parlamento de Galicia convocadas mediante Decreto 150/2023, de 25 de decembro.

Acordado que se designarán catorce suplentes por cada titular, iníciase a execución do programa informático da Oficina do Censo Electoral, procedendo ao sorteo e anunciando verbalmente os resultados.

Quedan incorporados ao expediente os impresos oficiais cos resultados do sorteo.

Ás 10:44 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

*Dodro, documento asinado dixitalmente*
*A secretaria-interventora accidental (Resolución da DXAL do 07/06/2021 e Resolución da Alcaldía núm. 14/2024 de data 12/01/2024), María José Rodríguez Expósito.*
*O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*

CVD: UsTDiH5rES7KWr0AmxL/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.